

Personaxes principais

- ROI.- Home co síndrome da importancia. Arredor de catro décadas de idade. Escritor inapetente e cornucando consentido.
- SARA.- Esposa de Roi á sombra e amante de Isaías ao sol. Desatendida. Trinta e tantos anos. Odia a gramática e as normas de estilo.
- ISAÍAS.- Amante de Sara e marido de Berta. Veciño oportunista. Trinta e tantos anos. Arqueólogo e cornucador.
- BERTA.- Muller de Isaías, nai imaxinaria pero nada exemplar. Trinta anos ben levados.
- BUSTO DE BEETHOVEN.- Xordo. Moi conversador a pesar de que o que di non vai á Misa en si b Maior.
- EDITOR CON OLFATO.- Home afeminado.
- A ESTATUA DA LIBERTADE.- Muller pétrea, propagandística, superficial e reaccionaria como ela só.
- RETRATO DE SCHOPENHAUER.- Óleo erudito e misóxino.

Personaxes secundarias pero non por iso prescindíbeis

O fotógrafo

O medidor de muslos con cinta métrica

Francotirador

Paseante pequeniño

A megaputa

Decapitado en prácticas

Vendedor de paciencia

Personaxes terciarias

Un par de pedichóns

Cans sen microchip

Espectadores con lazos familiares

ACTO ÚNICO

ESCENA 1

(ROI, pensativo, está no centro do escenario cun libro aberto nas mans. Na cama de matrimonio de dous metros de eslora, á esquerda e semitapados pola manta, uns desnudos SARA e ISAÍAS navegan polos seus corpos en acción percutora e percutida. O BUSTO DE BEETHOVEN ocupa un lugar de privilexio na banda dereita. O mobiliario propio do piso viste e arroupa o desenvolvemento dunha acción excesivamente endocrina.)

SARA.-

(Coa intermitencia forzada polas acometidas amatorias.) Hoxe estás moi inspirado. O curso intensivo de flexibilidade e tensión parece que empeza a notarse, ¿non?

ISAÍAS.-

Faise o que se pode, tamén aporta o seu a licenciatura en arqueoloxía.

SARA.-

Non me estarás chamando vella, ¿eh?

ISAÍAS.-

Non sexas susceptíbel.

SARA.-

Perdoa. Non hai nada como centrarse no exercicio venéreo e desentenderse do marido por uns minutos. Quítaste un peso de enriba... e pos outro. ¡Vaia! (*Ri pola literalidade da ocorrencia.*) Por certo, non quereda pecar de inexpresiva en momentos tan delicados como este, non me malinterpretes, pero, ¿como son as exclamacións de pracer?

ISAÍAS.-

¡Mulleriña! As de sempre: ¡Ahhhh! ¡Mmmmm!
¡Ouhhhh! ¡Uffff! ¿Non as recordas? ¡Veña! ¿Tan desatendida che ten o teu home?

SARA.-

¡Mmmmm! ¿Así? ¡Ouhhhh! ¿Que tal? ¿Estaría ben que puxese os ollos en branco?

ISAÍAS.-

Non me fixo moito, a verdade, como ti vexas. De todos xeitos e xa que estamos en coiro e con confianza, ás veces temo que canses coa repetición do movemento, ¿non queres algo máis sincopado? ¡Ahhhh! ¿Que me dis dun ar de “zorziko”?

SARA.-

Non sei que dicir, non teño nada contra os bascos e as súas peculiaridades rítmicas caucásicas... ¡Uffff!
Non pares... dalle... pero estou afeita a ritmos

máis... máis enxebres... ¿Que hai de malo na muiñeira?

ISAÍAS.-

(*Contrariado pero amoldábel.*) ¿Non é moi autóctona? Eu só o dicía por variar, sabes que a miña especialidade é a música do país, a danza das patelas, unha pandeirada nese pandeiro teu, o aturuxo de gárgaras ou o de diafragma. Era por universalizar un chisco a cousa das gónadas.

ROI.-

(*Aos amantes.*) ¿A ver se baixades o ton, non me dou concentrado! Estadés distraéndome con tanta música e tanta leria. Tede piedade, sede piadosos, ¿por que non vos ides á misa dos caladiños ou probades cunha sardana? Se non podedes calar, será mellor que cambiedes de sitio. Isaías, ¿que tal a túa casa? ¿Non tedes cama?

BUSTO DE BEETHOVEN.-

Eu, aínda que non oio nada e son alemán, douche toda a razón, debe ser duro averiguar que a esposa dun... cando lle arde o eixo, ti xa me entendes, prefire outra gaita para a foliada. Admírame que o leves con tanta naturalidade e dignidade globalizadoras, sen *ex abruptos* desagradábeis. Levarse ben entre veciños é o correcto, ¿non si?

ROI.-

Non son egoísta, son oestrimnio. ¡Ti non o entenderías!

BUSTO DE BEETHOVEN.-

Xa vexo. Eu non oio nada, non entendo nada e son teutón, pero ¿soportas o aturuxo final tan pancho? En confianza, de home a busto... ¿non será que xa non fuchica a túa ferramenta?

ROI.-

¡Eh! ¡Coidadiño! A ferramenta que me importa é a palabra, son escritor. (*Pequena pausa para aspirar dignidade.*) Os xermánicos non entendedes ás mulleres doutras latitudes. A miña Sara só utiliza a ese camandulán superficial, no fondo é a min a quen quere profundamente. Unha cousa é o fondo e outra ben distinta a forma, e en canto a gardar as formas, iso non me preocupa nada. ¿Acaso podes asegurar que non pensa en min cando está co veciño?

BUSTO DE BEETHOVEN.-

Será como ti dis, eu a penas sei de sinfonías e cuartetos de corda, tríos compuxen os xustos e da tonalidade dos cornos só coñezo a do corno inglés.

ROI.-

¿Cando te convencerás? A harmonía humana non admite a disonancia. Hai que transixir, ceder terreo,

facer a vista gorda para que non apareza a fuga.
Actuar con sentido...

BUSTO DE BEETHOVEN.-

Consentido para min significa outra cousa, debe ser o pouco dominio da lingua.

ROI.-

¿A música clásica atrofia o cerebro? A melodía da vida non é tan complicada... Nestes momentos de globalización os homes importantes debemos colocar as paixóns no recanto que lles pertence. Decía o sensíbel de Stalin, con moi bo criterio, que os sentimentos son asunto de mulleres... (*Condescendente, pero sen chegar ás palmetadas no lombo.*) Non poñas ese xesto tan xenial, non me saias co das sonadas purgas, seino mellor ca ti que es doutra época, pero en cuestións de conquista o cortés non quita o pizarro. (*Pausa.*) Sara, como a maioría das mulleres de hoxe, é moi activa, cambiante... ¿Sabes que? Se vivise Heráclito e a coñecese, para min que mudaría o seu célebre enunciado fluvial por outro do estilo: non se pode foder dúas veces á mesma muller volúbel.

(Entra BERTA a fume de carozo. Parece buscar algo que non dá atopado. Ata mira debaixo da cama onde SARA e o seu ISAÍAS están a executar a melodía do amor efêmero e sen contrato mentres soa unha pandeirada.)

BERTA.-

¿Onde está o meu fillo?

ROI.-

Quen anda por ahí é o teu home, o arqueólogo.

BERTA.-

Isaías, atende... ¿Viches o neno?

ISAÍAS.-

Muller... ¿non podes esperar un chisco? ¡Mmmmm!
Agora estou ocupado nunha perforación.

BERTA.-

¡Sempre a traballar! ¡Sempre a traballar! ¡Vas acabar deslombado! (*Cruza os brazos dereito e esquerdo sobre o centro do tronco e ponse a petar no chan con impaciencia.*) ¿E tes para moito? Non sei se aproveitar e pasarme polo super...

SARA.-

(*Afastándoo cos brazos.*) Isaías, acouga, xa seguiremos noutro momento, anda, atende á túa muller, parece apurada.

ISAÍAS.-

(*A SARA, polo baixo pero audíbel.*) Sabes que ese neno nunca se concibiu, só existe na súa imaxinación desvariada, non pode telos. (*A BERTA.*) Iría matricularse nalgún curso de informática.

BERTA.-

Pero se só ten cinco anos.

ISAÍAS.-

Berta, onte tiña quince, era rapaza e pedíchesme que lle mercara unha crema para os graos... ¿Xa non te acordas?

BERTA.-

Esa é a outra filla nosa.

ISAÍAS.-

¿Por que non me deixas coas perforacións? Estaba a piques de gañar unha batalla contra o tempo.

BERTA.-

¿Ti queres tolearme? ¿Pensas que nacín onte? A arqueoloxía polo común faise en exteriores, con outro instrumental, en xacementos e non xacendo na cama, e non me repitas iso de que estás a estudar a saba santa desde preto, son parva pero non ata ese extremo. Ti ocúltasme algo, o outro día descubrimo pero xa non me acordo.

ISAÍAS.-

¿Tampouco recordas que antonte ese noso fillo era unha nena que acababa de empreñar?

BERTA.-

Eu non podo estar en todo, confundiríame... Ser nai é unha responsabilidade moi grande.

ISAÍAS.-

(Farto.) E ser pai dunha familia numerosa imaxinaria...

SARA.-

Paciencia, tes que ser comprensivo. O meu home, sempre tan literario... *(ROI pon pose de literato esperando a inspiración.)*... diría que as mulleres somos illas misteriosas e con tesouro, que xa teñamos pingüíns, xacintos cortados ou andemos cun día de anterioridade, todo o mundo naufraga en nós.

ISAÍAS.-

O outro día, sen ir máis lonxe, non me deixou dormir por culpa dunhas revistas porno que atopou no caixón da habitación da nena.

BERTA.-

(Tirándolle da manga a ROI e querendo ser convincente.) Había zoofilia da mamífera e penetración cenital. ¿Que nai non se preocuparía?

ISAÍAS.-

(Desesperándose.) É a túa imaxinación averiada. ¿Non che demostrei que se trataba da guía telefónica? Ultimamente tes fixación cos fillos e a sexualidade de catálogo.

SARA.-

(A ROI.) Seguro que non tomou a medicación.

ROI.-

É testán como a que máis. E a leria é que o pobre de Isaías sofre unha enfermidade, ti tes que notalo no rendimento, un home con preocupacións é un perfecto inútil na cama.

SARA.-

Pois na intimidade furula mellor que un robot, el sabe afastar a familia do pracer.

ROI.-

Nós iso aprendímolos a tempo.

SARA.-

Foi un achádego o do veciño arqueólogo, ti agora dispós de todas as horas para documentarte e escribir as túas novelas e eu líbrome da pesadez das normas de estilo e de facer o amor preocupada de non cometer faltas de ortografía.

ROI.-

Preocupada por, non preocupada de...

SARA.-

Vou darme unha ducha.

ISAÍAS.-

¡Espera! Vou contigo, ser tan prolífico é complicado... A imaxinación de Berta é tremenda... ¿Sabes que en posición vertical son un auténtico semental?

(SARA e ISAIÁS desaparecen polo fondo. ROI desenténdese e recupera a lectura. BERTA dirixe os seus pasos cara ao BUSTO DE BEETHOVEN.)

BERTA.-

Mozart, ¿ti que opinas?

BUSTO DE BEETHOVEN.-

Eu son o busto de Beethoven, parece evidente, ¿non?

BERTA.-

Xa, perdoa, o pentagrama para min sempre foi como un horizonte desenfocado, ¿ti que pensas dos meus trillizos? ¿Non son adorábeis? ¿A que non se notan?

BUSTO DE BEETHOVEN.-

(Mira para o chan, para a dereita, para a esquerda, para dentro, para as extremidades inferiores que perdeu mentres decide non complicarse.) Se non che importa, preferiría que me falases desde o outro lado, non é que oia máis pero neste ás veces sinto o mar e non quero perder esa enormidade... ¿sabías que o mar de Mármara soa completamente distinto do mar Caspio? O Cantábrico é o que mellor afina... En fin, o mar é un bon tema para falar, pero...

BERTA.-

¿Veslle algún aquel aos mellizos?

BUSTO DE BEETHOVEN.-

Supoño que serán cuspidiños ao pai, aínda que, quizais neste caso e analizando os pros e os contras, tiran máis á nai.

BERTA.-

¿Verdade? ¡Menos mal que hai alguén que o di!
¿Cres que as maternidades me escarallaron a figura?
O primeiro foi un parto natural parcial e un cacho con cesárea... ¡Que mal o pasei! Agora teño crema-
lleira... Si, fun precavida, antes de que nacesse o
segundo e os trillizos univitelinos díxenlle á coma-
droa que eu quería ter os fillos sen dor, que era moi
delicada, que tiña que dar con algunha maneira de
evitarme o sufrimento. O normal é que as mulleres
que parimos un fillo tras outro vaíamos deterioran-
do a nosa anatomía, que se dar de mamar, que se
coller no colo os cativos, que se veñen tres á vez,
que se...

*(BERTA achégase ao busto co seu busto. As respira-
cións mestúranse sen acompañarse. O xenio séntese vio-
lento.)*

BUSTO DE BEETHOVEN.-

Desculpa, teño que revisar unha sinfonía.

BERTA.-

¿Fantástica? ¿Patética? ¿Inacabada?

BUSTO DE BEETHOVEN.-

Deixémolo en “Heroica”, polo momento.

BERTA.-

¿Hai moito saxo?

BUSTO DE BEETHOVEN.-

¿Que máis quixera! Non podo introducilo, daquela non fora inventado.

BERTA.-

¿Falas do saxo ou do sexo?

BUSTO DE BEETHOVEN.-

¿Como?

BERTA.-

Sexo... (*Mira para o pedestal.*) ...oral, por descontado.

BUSTO DE BEETHOVEN.-

(*Alarmado.*) ¿Coral? Se cadra... introduzo algún coro, pero vestidos... As correntes de ar escarallan a voz.

BERTA.-

(*Empeza a desnudarse quitando os pantalóns de maneira insinuante.*) Coro está próximo a coiro, saxo está próximo a sexo... Chámome Berta e son unha muller aberta.

BUSTO DE BEETHOVEN.-

(Incómodo.) ¡Hai que ver, e só por unha letra! Eu entendo máis de notas, dos, res, mis, fas...

BERTA.-

Fas que me excite.

BUSTO DE BEETHOVEN.-

(Sinalando para o pedestal e concluínte.) Non teño membro.

BERTA.-

Iso é accesorio. *(Achégase máis.)* ¿A quen lle importa? Tes mans, tes lingua. Din que a lingua alemana é moi brusca. Hai prosodias que me volven tola.

BUSTO DE BEETHOVEN.-

Exprésome moi mal, con frases cortas.

BERTA.-

¿Quen fala de falar? Para ser un xenio indiscutíbel parece algo tordas...

(Entra o MEDIDOR DE MUSLOS cunha cinta métrica. Mide os de BERTA e anota o resultado nun caderno antes de irse. ROI levanta a vista do libro de estilo para recuperar de novo a lectura.)

BERTA.-

¿Algunha novidade? Sométome a revisións periódicas todos os meses impares.

MEDIDOR DE MUSLOS.-

Eu non lle sei interpretar as gráficas, pero diría que os muslos permanecen constantes.

BUSTO DE BEETHOVEN.-

(*A BERTA.*) É mellor que se vista, a celulite gusta da intemperie e ataca por sorpresa.

BERTA.-

Véxote moi preocupado. (*Enfunda os pantalóns sen apuro e frégase coa base do busto do compositor. Defraudada ante a escasa resposta e acordándose por unha vez da xordeira berra facendo buguina coas mans.*) Ti non serás deses que toman hormonas para afirmar o busto, ¿non?

BUSTO DE BEETHOVEN.-

A min só me interesa a música, ademais, esqueces que son un xenio e que os teus nenos poden vernos.

(*Volve ISAÍAS cun fotógrafo.*)

ISAÍAS.-

Berta, este señor vén facernos unha fotografía de familia.

FOTÓGRAFO.-

(*Avisado con anterioridade da problemática psicolóxica.*) Así é. Estou especializado en parellas sen fillos,

adultos que saben vivir a vida global sen necesidade de lastre.

ISAÍAS.-

Coma nós.

FOTÓGRAFO.-

Hoxe en día é un crime traer criaturas ao mundo, hai que deixar sitio para os chineses e indios. En occidente xa non se leva o de ser prolíficos, os postos directivos están todos ocupados.

ISAÍAS.-

A teima de perpetuarse xa pasou á historia.

BERTA.-

Tarde piaches. Vou buscar os nenos para a foto, ¿esperádesme aquí? Os trillizos deben estar no parque e a maior duchándose, é só un momentíño. (*Comez a irse.*) Isaías, ponlle unha cervexa ao señor.

ISAÍAS.-

Peroooo...

FOTÓGRAFO.-

De importación, se non é moita molestia, a do país dame gases nobres e eu sonlles plebeio.

BUSTO DE BEETHOVEN.-

Se é da miña terra está garantida.

ISAÍAS.-

Para non facer a viaxe en balde, será mellor que nos tire unhas fotografías a Beethoven e a min, é un busto do veciño pero vén sendo xa como da familia, téñolle querencia. A poder ser, procure que non se note que é xordo.

FOTÓGRAFO.-

¿E a cervexa? (*ISAÍAS faise o xordo, non se sabe se por solidariedade ou por interese particular de tipo egoísta.*) Hai que obedecer ás mulleres e nais, a que manda, manda.

ISAÍAS.-

Mire, se non quere que o mande a fritir gargarexos...

FOTÓGRAFO.-

Un momento, un momento, eu son un mandado, non nos remanguemos, se toma a mal o meu cosmopolitismo, alá vostede... E se non ten cervexa de importación, con dicilo sen reviravoltas... Págueme por adiantado, fago as fotos coa Polaroid e marchó a fume de carozo.

(O FOTÓGRAFO, en efecto, sae fungando. ROI marcha. Por irse, ata se vai tamén a luz.)